



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Técnicas de Investigación Social	Código	660G01020	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Romaní de Gabriel, María	Correo electrónico	maria.romani@udc.es	
Profesorado	Romaní de Gabriel, María	Correo electrónico	maria.romani@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia é a capacitación dos e das estudantes para a realización de investigacións sociais empíricas dentro da área de coñecemento das Relacións Laborais e os Recursos Humanos. Dado o carácter eminentemente práctico da materia, para a que innegablemente tamén se require unha formación teórica de base en torno á metodoloxía e ás técnicas de investigación empregadas nas Ciencias Sociais, esta materia pretende, asemade, orientar aos e ás estudantes na realización da memoria fin de Grao da titulación en Relacións Laborais e Recursos Humanos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
interpretar datos e indicadores socioeconómicos	A18		
Aplicar as distintas técnicas de avaliación e auditoría sociolaboral.	A25		
Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.	A26		
Aplicar os coñecementos á práctica.	A31		
Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.	A35		
Resolución de problemas.		B1	
Capacidade de análise e síntese.		B2	
Capacidade de organización e planificación.		B3	
Capacidade de xestión da información.		B4	
Traballo en equipos.		B9	
Aprendizaxe autónomo.		B14	
Creatividade.		B15	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida			C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas



TEMA 1. A INVESTIGACIÓN SOCIAL: DEFINIÇÃO E CONCEPTOS.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A metodoloxía científica.</li> <li>- Fins da investigación social.</li> <li>- Aspectos fundamentais.</li> </ul>
TEMA 2. PRINCIPAIS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pluralidade metodolóxica.</li> <li>- Técnicas cuantitativas: a enquisa o panel e o censo</li> <li>- Técnicas cualitativas: a observación participante, a entrevista, a metodoloxía biográfica, analse de documentos de vida, os grupos de discusión e a observación de documentos pessoais.</li> </ul>
TEMA 3. FONTES DE INFORMACIÓN PARA O ESTUDO DAS RELACIONS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepto.</li> <li>- Tipos de fontes e como seccionalas.</li> <li>- Cómo buscar documentación científica.</li> </ul>
TEMA 4. O PROCESO DE INVESTIGACIÓN: PLANIFICACIÓN DESEÑO E ELABORACIÓN DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos esenciais: etapas.</li> <li>- Tipos de presentacións.</li> <li>- Estrutura dos informes.</li> <li>- Uso de referencias.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A25 A31 A35 B1 B3 B4 B15 C3 C8	28	28	56
Proba obxectiva	B9 C1	2	60	62
Sesión maxistral	A18 A26 B2 B14 C6	28	0	28
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Lecturas críticas, comentarios, discusións, exposicións e exercicios prácticos que os alumnos deben realizar NA CLASE e subir a moodle, seguindo as instrucións do profesor.
Proba obxectiva	Exame oral ou escrito, con preguntas, exercicios prácticos ou comentario de texto.
Sesión maxistral	Presentación oral complementada co uso de medios audiovisuais ea introdución de algunhas preguntas para os alumnos, a fin de transmitir o coñecemento e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Farase para as lecturas, orientando a cada alumno sobre o traballo que ten que facer, como facelo e fontes de información a utilizar. Estableceranse horarios de tutorías para dúbidas ou consultas sobre a materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba obxectiva	B9 C1	Exame oral ou escrito, con preguntas, exercicios prácticos ou comentario de texto.	50
Lecturas	A25 A31 A35 B1 B3 B4 B15 C3 C8	<p>Lecturas críticas, comentarios, discusións, exposicións e exercicios prácticos que os alumnos deben realizar NA CLASE e subir a moodle no espazo habilitado, seguindo as instrucións do profesor.</p> <p>Si non se asistiu a clase o día no que se realice a práctica correspondente, NON se poderá entregar a práctica non realizada, a non ser que se xustifique convenientemente (a través do mail <a href="mailto:maria.romani@udc.es">maria.romani@udc.es</a>) e tendo en conta que a súa cualificación será algo menor que si se entrega na clase, posto que o profesor non pode controlar o tempo nin os recursos que o alumno utiliza fora do aula. En todo caso, non poderán pasar máis de 24 hs entre a data da práctica feita en clase e a entrega. Doutra banda, hai que ter en conta que haberá algunhas prácticas, que pola súa metodoloxía non se poderán realizar fora do aula (por exemplo grupos de discusión, debates, presentacións, preguntas do profesor etc.)</p>	50

Observacións avaliación



O alumno DEBERÁ OPTAR

POR UNHA DAS FORMAS DE AVALIACIÓN que se describen a continuación E

COMUNICARLLO AO PROFESOR a través do mail: maria.romani@udc nos 15 primeiros

días do inicio das clases e non poderá cambiar a opción a non ser que sexa de

forma xustificada e co consentimento expreso do profesor. No caso de que o

alumno non comunique ao profesor no prazo establecido a modalidade de

avaliación elixida, se evaluará segundo a SEGUNDA FORMA DE AVALIACIÓN, é dicir,

realizará só a proba obxectiva sobre o 100% da materia.

PRIMEIRA FORMA DE AVALIACIÓN (avaliación

continua):

- Realizar como mínimo o 25% da parte correspondente

a LECTURAS (50%) e presentarse á PROBA OBXECTIVA (50%).

- Neste caso sumásense as cualificacións

obtidas nas dúas metodoloxías , TANTO NA OPORTUNIDADE DE XUÑO COMO EN

XULLO.

- Si a suma das dúas metodoloxías non

alcanzase o aprobado na oportunidade de xuño, manterase a cualificación

obtida na parte correspondente a "LECTURAS" e sumarase á

cualificación obtida na PROBA OBXECTIVA da oportunidade de Xullo.

- É dicir, o alumno que opte por este

sistema de avaliación (avaliación

continua) NON poderá

presentarse só á PROBA OBXECTIVA sobre o 100% nin en xuño nin en

xullo. A cualificación final obtida en caso de non presentarse á PROBA

OBXETIVA será a correspondente a LECTURAS tanto na oportunidade de xaneiro como

de xullo.

SEGUNDA FORMA DE

AVALIACIÓN: Realizar só a PROBA OBXECTIVA (100%)

tanto na oportunidade de Xuño como na de Xullo. NOTA IMPORTANTE: aqueles alumnos que debido a situacións particulares non poidan acollerse a

ningún destes sistemas de avaliación, DEBERÁN POÑERSE EN CONTACTO CO PROFESOR ( a través do mail maria.romani@udc.es) NOS 15

PRIMEIROS DÍAS DO INICIO DA DOCENCIA da asignatura para tratar de adaptar o sistema de avaliación





## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Hernández Sampieri, R. , Fernández Collado, C. Y Baptista Lucio, P. (2010). Metodología de la investigación (5 edición). . Méjico: Mc.Graw Hill.</li><li>- Sierra Bravo, R. (1994). Técnicas de Investigación Social. Madrid: Paraninfo</li><li>- Ander Egg, E. (1996). Técnicas de investigación social (19 edición, 1982) . Argentina: Humanitas.</li><li>- Cea D´Ancona, M. A (1996). Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social. . Madrid: Síntesis.</li><li>- Cea D´Ancona, M. A. (2012). Fundamentos y aplicaciones en metodología cuantitativa.. Madrid: Síntesis.</li><li>- Corbetta, P. (2010). Metodología y técnicas de investigación social.. Madrid: Mc.Graw Hill.</li><li>- García Ferrando, M. , Ibáñez, J. y Alvira, F. (1990). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. . Madrid: Alianza Universidad Textos.</li><li>- Gordo López, A. J. y Serrano Pascual, A. (coords.) (2008). Estrategias y prácticas cualitativas de investigación social. Madrid: Pearson Educación.</li><li>- Mateo Rivas, M. J. (1985). Estadística en investigación social. . Madrid: Paraninfo.</li><li>- Vallés, M. S. (1999). Técnicas cualitativas de investigación social. Madrid: Síntesis.</li><li>- Ispizua, M. y Lavia, C (2016). La investigación como proceso. Planificación y desarrollo. . Madrid: Dextra</li><li>Guerr Frias, M. (2010). Manual de Publicaciones de la American Psychological Association (3ªed.). España: Manual Moderno.</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Socioloxía do Traballo/660G01017

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estadística Descritiva/660G01018

### Materias que continúan o temario

## Observacións

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías